Acta Comisión Delegada

22/03/2023

Lugar: Medios Telemáticos sala de zoom

Hora: 20:00 h. horas

Asistentes:
Presidente-Javier Campos Peña
Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

Gustavo Álvarez(AD Fogar), Pablo Cabanelas, Amando Guerrero (AD Náutico Narón), José Riveiro (Artrogal Tri-498), Paloma Herbello (Triatlón Inforhouse Santiago)

Orde do día:

1.- Calendario Oficial. Modificacións
2.- Regulamentación-Avaliación da situación actual da competición. Propostas de medidas correctoras. Circuíto de Tríatlon. Outras probas
3.- Asemblea Xeral 13 de abril. Informe de situación contable 2022. Plan Viabilidade
4.- Rogos e preguntas

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión ás 20:10 h.

1.- Calendario Oficial. Modificacións

Informase das modificacións de calendarios, baixas, altas e modificacións de datas que se deben ratificar especialmente en relación ao deporte escolar.

Cancelación de probas

- 20/5/2023 TRIATLON SOLIDARIO DE NEGREIRA
- 20/5/2023 ACUATLON DE NIGRAN (CPTO GALEGO)
- 25/06/2023 ACUATLON PROMOCIÓN NORTHWEST

Modificacións

- 20/8/2023 TRIATLON DE MENORES DE PONTEAREAS-
- 1/4/2023 DUATLON ESTRADA VIMIANZO
- Dúatlon Escolar de Valdoviño (30/4/2023) pasa a celebrarse a Final provincial ao 29/4 /2023 en Cedeira co Visto bo da SXD.

Novas probas

- 26/03/2023 Cpto Galego de Péntatlon Moderno- Lugo
- 4/08/2023 ACUATLON TRISHARK (PROMOCIÓN)

DÚATLON ESCOLAR PROVINCIA DE LUGO-

- 5/3/2023 VILALBA
- 25/3/2023 A ULLOA/ MONTERROSO
- 29/4/2023- XERMADE FP

DUATLON ESCOLAR PROVINCIA DE OURENSE

- - FINAL PROVINCIAL EN OURENSE O 16/4/2023

DUATLON ESCOLAR PROVINCIA DE PONTEVEDRA

XUNTA DE GALICIA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE PRESIDENCIA

- FINAL PROVINCIAL – MARÍN- Informase da proposta do AD PINARIUM para a súa organización co visto bo da SXD (Delegación Pontevedra) pendente de confirmar data

Outras probas

- Informase da situación do Cpto Galego de Triatlón de MD "Desafío Isclas Cies" que enviaron un correo cancelando a proba por falta de soporte económico e posteriormente no mesmo día solicitaron un aprazamento na toma de decisión xa que tiveron contactos co Concello e Deputación que aportarían financiamento. Están pendentes dunha xuntanza para confirmar.

Apróbanse por todos os votos a favor (7 votos) as modificacións do calendario expostas.

Acórdase conceder o prazo de 15 días á organización do Tríatlon Desafío Cies para concretar o seu desenvolvemento ou cancelación, delegando na Xunta Directiva a posibilidade de outorgar a As Pontes o título no caso de cancelación ao ser a única proba de Media Distancia no calendario.

2.- Regulamentación-Avaliación da situación actual da competición. Propostas de medidas correctoras. Circuíto de Tríatlon. Outras probas

Exponse a situación da baixada de inscricións no dúatlon en Xeral, cóntase que o tríatlon teña maior inscrición pero o número de probas de circuíto agora mesmo non darían para confeccionalo, tendo só unha proba clasificatoria e o Cpto Galego habería que novamente tocar a regulamentación de clasificación. Deberíamos tentar conseguir polo menos outra proba.
Proponse que dadas as dificultades organizativas para facer fronte á organización destes eventos e a baixada nas inscricións ver de facer unha excepción solicitada por algún organizador recollendo a posibilidade, cando poida ser útil, da realización dunha única carreira con saída masculina e feminina a 10 minutos tal e como se fai coa saída rápida e saída feminina.
Contras- se hai un número alto de mulleres é máis difícil nun percorrido a voltas controlar o drafting entre sexos o que pode desvirtuar a disputa.

Acórdase, valoradas as opcións, modificar o artigo 6.5 a) do regulamento oficial de competición para facer unha excepción para a tempada, quedando redactado do seguinte xeito

6.5) As probas destes circuítos serán clasificatorias para o Campionato Galego da modalidade.
a) Nas probas de circuíto haberá sempre unha ~~proba~~ **saída** feminina e outra masculina, **separadas o tempo regulamentario necesario para garantir unha disputa xusta da competición por ambos xéneros.**

Apróbase, En relación ao anterior, incluír no Circuíto de Tríatlon a proba GP de Triatlón da Pobra o 14 de maio de 2023

3.- Asemblea Xeral 13 de abril. Informe de situación contable 2022. Plan Viabilidade
O presidente informa do peche das contas 2022 para presentar á Asemblea Xeral de 13 de abril, a xestión anterior foi boa pero arrastrábanse amortizacións e outros gastos da lexislatura que non permitiron poñer en positivo o balance. De cara ao futuro presentarase un plan de viabilidade con rebaixa nos gastos de persoal, comunicación e asesoría e tentarase pechar 2023 en positivo de acordo ao orzamento.

4.- Rogos e preguntas

Non habendo rogos e preguntas a maiores levántase a sesión ás 20:55 h.

Firmado por FLORES FERREIRO MONICA - ***2331** el día 21/04/2023 con un certificado emitido

Asdo.- A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro

Firmado por ***6044** JAVIER CAMPOS (R: ****0393*) el día 21/04/2023 con un certificado emitido por AC Representación

V°B° Asdo.- O Presidente
Javier Campos Peña

XUNTA DE GALICIA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE PRESIDENCIA

FEGATRIM
FEDERACIÓN GALEGA DE TRÍATLON E PENTATLON MODERNO

Rúa Castelao 21, ent. 2
27001 Lugo ‖ 982 251 345
N.I.F.: V36703932